

CONSIDERACIÓNS

►► Panorama xeral

En relación á **realidade socioeconómica** da área de Monforte–O Barco, o CES entende necesario resaltar que as áreas funcionais de Monforte e O Barco, se sitúan no décimo e duodécimo posto entre as doce áreas funcionais nas que se divide Galicia en canto á cota de mercado, en décimo e noveno lugar no índice industrial, no décimo e duodécimo lugar en canto ó índice comercial e no décimo e undécimo lugar en canto ó índice de actividade económica.

A renda familiar dispoñible, indicador axeitado para medir a capacidade económica ou de gasto das familias, unha vez efectuadas as operacións de redistribución por parte do sector público, mostra como para a área obxecto de estudo o nivel económico maioritario é o catro (de

8.225 a 8.800 euros/ano), sendo o máximo nivel acadado o cinco e tan só por tres concellos, nunha escala que acada o seu valor máximo no dez.

Emprego

No que respecta ó **ámbito demográfico**, o CES entende necesario resaltar que no período que vai do 1 de maio de 1996 ata o 1 de xaneiro de 2002, a poboación da área de Monforte–O Barco redúcese en 3.332 individuos, o que supón unha taxa de redución do 3,4%. Estes datos non fan máis que confirmar a existencia dunha pirámide de poboación invertida onde o grupo de idade maioritario, tanto de homes como de mulleres, é o que corresponde á franxa de entre 65 e 69 anos e que é a partir do quinquenio 55–59 onde o número de mulleres é superior ó dos homes. Así mesmo, entre os anos 2001 e

2002 prodúcese un saldo vexetativo negativo. A maioría da poboación da área obxecto de estudio reside en concellos de menos de 10.000 habitantes, estando a densidade de poboación por debaixo da media de densidade de poboación de Galicia e das medias provinciais (agás Chantada e Terra de Lemos). Trátase, polo tanto, dunha área caracterizada pola súa ruralidade e elevada dispersión. O saldo migratorio é positivo para o conxunto da área analizada, e en concreto para as comarcas de Terra de Lemos, Chantada e Valdeorras, sendo negativo nas dúas comarcas restantes; estando a maioría dos concellos que compoñen a área analizada por debaixo da porcentaxe galega de residentes nados noutros concellos.

Pódese comprobar tamén como os índices de envellecemento (215%), sobre-envellecemento (14,7%) e o de dependencia global (86,5%) presentan nas cinco comarcas valores superiores ós rexistrados para o conxunto de Galicia (116,3%, 11,9% e 83,2% respectivamente) tanto en homes como en mulleres. Estas pautas demográficas definen unha poboación caracterizada polo estancamento e envellecemento, co que elo ten de repercusión negativa sobre o dinamismo socioeconómico e a demanda de sistemas de protección social. Ante esta situación, faise necesario artellar políticas de dinamización demográfica que necesariamente no curto prazo pasan polo fomento da inmigración que, a súa vez, poida reactivar a natalidade no máis longo prazo.

No que respecta ó **mercado de traballo**, o CES entende necesario resaltar que tanto a taxa de ocupación (relación

entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos), a taxa de actividade (relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos) como a taxa de desemprego (relación entre a poboación parada e a activa) son inferiores ás rexistradas no conxunto de Galicia como media. Con estes datos, e para a poboación maior de 16 anos, o índice de dependencia económica, definido como a suma da poboación inactiva e a parada en relación coa ocupada, sitúase para o ano 2001 na área Monforte-O Barco no 1,68, mentres que para o conxunto de Galicia acada o valor de 1,49 (persoas dependentes por cada ocupado).

Atendendo á distribución sectorial o 50,8% dos ocupados están no sector servizos, fronte ó 21,1% no sector industrial, un 15,7% no subsector agrícola e o 12,2% no sector da construción. Comparado co total galego destácase a elevada importancia relativa do sector agrícola e o menor peso relativo do sector servizos, cunha diferenza en ambos casos en torno ós oito puntos porcentuais. Ademais, a ocupación no sector industrial presenta unha porcentaxe superior á galega. A importancia relativa da ocupación industrial é destacable fundamentalmente na comarca de Valdeorras.

O número total de empresarios, con e sen asalariados, acadou no ano 2001 as 9.390 persoas, o seu peso relativo no total galego foi do 4,1%. A importancia relativa dos empresarios que non empregan persoal é superior á media de Galicia. Este baixo nivel de asalarización está relacionado co maior peso relativo do sector agrícola, xa que esta actividade carac-

terízase polo maior volume de traballadores por conta propia fronte ós demais sectores da economía.

O CES considera importante salienta-lo feito de que o principal “sector económico” dentro da área de Monforte – O Barco, sexan os **pensionistas** (xubilados e outros pensionistas). Este colectivo supera en número (31.000 persoas) á poboación ocupada (30.544 persoas ocupadas). De novo este feito pon de manifesto o envellecemento da poboación e o pouco dinamismo socioeconómico da zona obxecto de análise.

O CES considera importante tamén pór en comparación as **baixas taxas de actividade e ocupación** xunto coas altas taxas de paro da área analizada en relación ós obxectivos fixados pola Unión Europea na “Estratexia Europea de Emprego” para o ano 2010. Neste senso, a taxa de ocupación da área de Monforte–O Barco sitúase no 37,3% fronte ó 64,1% desta taxa na UE-15 e fronte ó 70% previsto nos Obxectivos UE 2010, segundo datos proporcionados polo Eurostat. No que respecta á taxa de ocupación feminina, na área de Monforte–O Barco esta sitúase no 27,6%, fronte ó 55% da UE-15 e fronte ó 60% previsto nos obxectivos UE 2010.

Ante este panorama socio-laboral, o CES considera necesario artellar medidas activas de emprego que deben incidir de forma especial no fomento do emprego e a estabilidade laboral, no desenvolvemento da economía social e do autoemprego e nos programas de cooperación e escolas obradoiro. Todo elo tentando dis-

criminar positivamente ós colectivos mais desfavorecidos: mulleres, maiores de 45 anos e os xoves.

Sectores productivos

No que respecta ós sectores productivos da área Monforte–O Barco, en termos xerais, o CES entende necesario ter en conta que o Dirce contabiliza un total de 5.406 empresas no conxunto das áreas funcionais consideradas, o que supón o 15,3% do total da provincia de Lugo e o 9,9% do total da provincia de Ourense, así como o 1,6% do conxunto de Galicia; supoñendo as empresas de alimentación, bebidas e tabaco o 44,9% e o 12,3% do conxunto de empresas de esta actividade a nivel provincial e galego respectivamente.

Segundo os datos proporcionados por Ardán, en canto ó valor engadido xerado polas empresas dos distintos sectores nas áreas funcionais analizadas, o sector industrial é o preponderante acadando o 65% do total, seguido a distancia do sector de construción e obras públicas que acapara o 21,3%. Destaca a forte concentración que se produce na área analizada, xa que dos oito núcleos principias en canto á súa localización, catro corresponden á comarca de Valdeorras.

No que respecta ó **sector primario**, destaca-la importancia da actividade agro-gandeira xeradora no conxunto do ano 2000 dun valor engadido que representa o 80% do total do sector primario da área funcional. (O número de reses por explotación é lixeiramente superior á media de Galicia).

Os datos recollidos no **anexo 16** do informe, reflicten que, no período 1991-2002, o 60% dos concellos que compoñen a área de Monforte–O Barco, perderon máis do 50% das súas explotacións de gando bovino, e o 48% dos concellos da área analizada perderon máis do 20% da súa poboación. En consecuencia, o CES considera que é preciso frea-lo despoboamento do medio rural e o peche incontrolado de explotacións, para o que resulta necesario poñer en marcha políticas e actuacións específicas neste senso, con carácter xeral na área analizada pero con especial incidencia nos concellos que presentan indicadores máis negativos respecto da perda de poboación e o peche de explotacións.

A superficie dedicada ós cultivos forraxeiros representa o 58,4% da superficie de cultivo, seguida en importancia pola superficie dedicada a viñedos, o 17,9% da superficie de cultivo. Mentres que en Galicia a primeira porcentaxe acadaba un valor similar (57,4%), a segunda (7,8%), ven a confirmar unha certa especialización relativa desta área. É precisamente neste último caso onde destacan as denominacións de orixe Ribeira Sacra e Valdeorras tanto pola evolución da súa produción, extensión, e número de viticultores e bodegas.

Destaca tamén o subsector forestal sendo a superficie dedicada a este fin a utilización máis común na área funcional, supoñendo case o 75% da superficie total de Monforte–O Barco, e de especial importancia relativa en Quiroga, onde representa o 90,5% da superficie total. Un dato preocupante referente a este sector é o

que indica que o 91,3% dos incendios rexistrados nesta área foron intencionados, mentres que no conxunto de Galicia esta porcentaxe acadaba o 86,2%. O CES considera necesario artellar políticas activas de explotación ordenada da superficie forestal que permita conxugar a súa rendibilidade económica coa súa conservación.

En canto ó **sector industrial**, destaca a extraordinaria importancia que na área obxecto de estudio ten o **subsector da lousa**, xerador do 82% do valor engadido do conxunto do sector industrial. O sector da lousa galego concéntrase principalmente na área funcional obxecto de estudio estando formado por pequenas e medianas empresas responsables do emprego directo de 3.200 traballadores e indirectamente ou de maneira inducida doutros 12.800 postos de traballo. Atópase claramente orientado ó exterior, exportando o produto totalmente elaborado, de xeito que o valor engadido é xerado integramente en Galicia. Gracias a este sector Galicia produce máis do 50% da lousa mundial para cubertas.

O CES considera importante insistir nas políticas de recuperación ambiental para paliar los importantes impactos medioambientais que produce a extracción de lousa

O CES considera relevante o peso do **subsector eléctrico**, en concreto das centrais hidroeléctricas, existentes na área de Monforte–O Barco nos ríos Miño e Sil fundamentalmente; onde se produce en torno ó 37% da enerxía hidroeléctrica total de Galicia.

Tendo en conta que o subsector eléctrico na área de Monforte–O Barco a pesar de aumenta-la súa produción, perdeu emprego debido á situación de prexubilacións e baixas incentivadas que se produciron no sector como consecuencia da súa automatización; o CES considera que compre realizar unha análise sobre a creación de emprego alternativo mediante un compromiso entre a Administración e as empresas eléctricas, mediante un plan similar ó establecido no "Plan de E.R.E. do sector Eléctrico na área de As Pontes", onde se prevé a creación de 4 empregos por cada 11 prexubilacións nas empresas afectadas.

O CES considera que na medida en que unha parte importante do sector industrial da área obxecto de estudio se basea nos recursos naturais dispoñíbeis –algún deles esgotábeis-, resulta necesario artellar políticas activas que induzan a reinvestir os recursos obtidos polos ditos sectores en actividades económicas alternativas que favorezan o desenvolvemento económico futuro.

Polo que respecta ó **sector servicios**, este ten un papel secundario no conxunto da economía da área funcional. Aínda así, faise necesario considera-los servicios de turismo e comercio.

A oferta turística (constituída por hoteis, hostais, fondas ou casas de hóspedes, establecementos de turismo rural e o parador de Monforte de Lemos) presenta como trazo característico unha concentración nos niveis máis baixos de calidade, xa que o 50% dos hoteis e o 75% dos hostais da área funcional contan cunha es-

trela, ó mesmo tempo que ningún destes supera as tres estrelas. Ademais, pódese constatar unha reducida dimensión por termo medio destes establecementos.

A densidade comercial (establecementos por cada mil habitantes) da área funcional en relación ó comercio polo miúdo é de 15,3, lixeiramente superior á rexistrada no conxunto de Galicia (15,2). No tocante ó volume de facturación do total da área funcional, as actividades de comercio por xunto facturaron máis de 140 millóns de euros (destacando “Materiais para a construción”, “Productos lácteos” e “Viños e bebidas alcohólicas”), mentres que as actividades de comercio polo miúdo acadan os 90,43 millóns de euros (importancia de “Tendas de comestibles”, “Concesionarios de automóbiles novos e usados” e “Detallistas diversos sc”). Precisamente, estas últimas empregan a 525 persoas, mentres que as primeiras fan o propio con 475 persoas.

O CES considera necesario potenciar o sector turístico como elemento de dinamización económica da área fomentando unha oferta de calidade e incentivando a demanda mediante a promoción axeitada.

Panorama social

No que atinxe ó **ámbito educativo**, o CES considera necesario destacar a conxunción dunha serie de aspectos negativos dentro da área de Monforte– O Barco na materia analizada. Así, o 29,2% da poboación da área obxecto de estudio non completou o bacharelato elemental, ESO ou EXB (no caso galego esta porcentaxe sitúase no 3,8%) mentres que o 27,1% da

poboación presenta menos de cinco anos de escolarización (5,8% no caso galego). A estes datos hai que engadir a existencia dunha taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos superior á rexistrada no conxunto de Galicia.

O CES considera que para o desenvolvemento de calquera comarca é fundamental ter unha Formación Profesional Regrada adaptada ás necesidades da zona, pois, ademais de nutrir de man de obra axeitada e cualificada ás empresas existentes, son estes profesionais os que van constituíndo as pequenas empresas que levan á articulación económica do seu entorno, a oferta deste tipo de formación debe estar encadrada dentro dun proxecto de desenvolvemento do tecido productivo das comarcas para proxecta-las cara ó futuro. No caso de Chantada, Terra de Lemos e Quiroga dita oferta é cativa no número de ciclos e familias que abrangue, non ofertándose ningún ciclo das seguintes familias profesionais: téxtil e pel, madeira e moble, industrias alimentarias, fabricación mecánica, edificación e obra civil, comunicación imaxe e son, artes gráficas e mantemento e servizos á produción, sendo esta última fundamental para a área industrial.

Así mesmo é importante salientar que segundo os datos do Instituto Galego das Cualificacións, non existe, na maioría das comarcas que compoñen a área analizada, coincidencia entre as ocupacións máis ofertadas e as máis demandadas.

O CES considera necesario estender as redes educativas, xeneralizar a educación de forma que resulte accesible para

todo o mundo e favorecer a concienciación social da bondade e necesidade do sistema educativo en tódolos seus niveis. Asemade, deben artellarse medidas que permitan unha adecuación entre a formación e a demanda de traballo cualificado existente na área obxecto de estudo, para o que resulta imprescindible unha análise máis detallada da correspondencia actual e das necesidades futuras.

O CES considera necesario afondar na oferta de cursos de formación ocupacional en correspondencia coas necesidades da área así como a introducción de programas de fomento da cultura emprendedora.

No que respecta ós **servizos sociais** xa se destacou con anterioridade o elevado envellecemento da poboación desta área funcional palpable a través dos índices de envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia global.

Nesta zona existen doce residencias de atención integral e continuada das que catro son públicas (Galicia conta con 30) e oito son privadas (83 no caso galego), residencias públicas que só contan cun total de 215 prazas na área de estudo, onde residen 30.249 persoas maiores de 65 anos. Ademais non existen vivendas comunitarias (cando Galicia conta con 49), nin apartamentos tutelados (2 en Galicia), nin centros de día (16 en Galicia) nin fogares e clubs (12 en Galicia). Datos que cando menos contrastan cos valores superiores á media galega que alcanzan o índice de envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia global.

Á marxe das accións xa previstas dende o sector público neste senso, debe incentivarse a iniciativa privada no ámbito dos servizos ás persoas maiores, favorecendo así o desenvolvemento dun sector económico de potencialidade crecente na área obxecto de estudo.

Desenvolvemento territorial

No que a **estradas** se refire, a área Monforte–O Barco non ten ningún nodo de rango I e II, na clasificación do Mapa comarcal de Galicia onde o rango I abranguería ós nodos máis relevantes, fronte ós nodos de rango V, correspondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro da clasificación.

Neste senso, no “*Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010*” contéplase o corredor Lalín–Monforte de 9,3 quilómetros e un investimento de 17,7 millóns de euros, mentres que no marco do “*Plan Galicia*” construírse a Vía de Alta Capacidade Sarria – Monforte cun investimento de 83,25 millóns de euros, e realizárase a autovía Chantada – Monforte, cun investimento de 196 millóns de euros.

A **rede ferroviaria** presenta as mesmas características que as estradas xa que na clasificación de liñas de Renfe en función da súa utilización e importancia (A-1, A-2, B e C), na actualidade, na área funcional de Monforte–O Barco existe unha liña de clasificación A-2 que comunica Ourense con Monforte de Lemos e León, pasando polas comarcas de Quiroga e o Barco de Valdeorras.

Ó igual que sucedía no caso anterior, están previstas unha serie de actuacións tendentes a contrarrestar esta debilidade e precariedade de infraestructuras, medidas encadradas dentro do “*Plan Decenal de Infraestructuras Ferroviarias de Galicia 1998-2007*”, do “*Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010*” e do “*Plan Galicia*”.

O CES considera que os plans previstos no ámbito das infraestructuras de estradas e ferrocarrís están proxectados nun prazo moi longo para as necesidades da área. Resultaría necesario adiantar a súa execución establecendo un calendario de compromisos de execución que permitan o seu seguimento.

No **cadro 5.7.**, referido a “*Lumes e superficie afectada no período 1991-2002*”, no apartado relacionado co **medio ambiente**, apréciase que o número de lumes intencionados nas comarcas de Valdeorras–Trives e Monforte–O Barco, superan en 7,2 e 5,1 puntos, respectivamente, a media galega. O CES estima que a Consellería de Medio Ambiente, en colaboración cos concellos afectados, debería afondar nos motivos que moven ós incendiarios a prender lume e promover iniciativas dirixidas a eliminar as causas que propician esa intencionalidade. ■

